

Un libro sobre o mosteiro de Lárez

Cando visitamos calquera mosteiro dos moitos espallados polo noso país ou mesmo santuarios de menor relevo, non falla a existencia dunha publicación que nos achegue ao coñecemento dos mesmos. O noso mosteiro de Lárez era unha das excepcións pois, fora de pequenos artigos dispersos, non contaba cunha publicación específica. É certo que, nos últimos anos, na nosa revista CEDOFEITA publicáronse diversos artigos sobre o mesmo sendo un referente fundamental a louvada exposición levada a cabo pola nosa asociación, no ano 1998, co título : *O mosteiro de Lárez: arte e historia* e que deu a coñecer aos visitantes diversos aspectos do mosteiro bieito, apoiándose nunha ampla mostra de textos, fotografías e documentos. Tamén se poñía de manifesto a necesidade de restaurar e conservar o patrimonio do mesmo..

A chegada á nosa parroquia de D. Crisanto Rial López como párroco impulsa o labor de restauración e coidado do mesmo e, neste ano de 2008, pon fin ao baleiro anteriormente sinalado coa publicación do libro: "**El monasterio de Lárez y su colegio de artes**". Pero o libro de D. Crisanto Rial vai máis alá da mera descrición artística do mosteiro lerezán, pois adéntrase na súa historia e nos personaxes que lle deron vida dende a súa fundación, fora esta no ano 886 como di o padre Yepes ou, con máis fundamento histórico, a do 915 ou 916 que sostén o padre Flórez.

O autor fai un percorrido polas etapas máis singulares da vida do mosteiro: a doazón do rei Ordoño II ao abade Guntado, a consagración de bispos no ano 1113, os abades máis significados, as penas dos tempos da exclaustración e reseñas sobre personaxes como Feijóo e Sarmiento ou aportacións documentais novidasas sobre os intentos de restauración da vida monástica do noso mosteiro. Non podía faltar un achegamento á figura de D. Leandro del Río, sacerdote, político en tempos da 1ª República (Derecha Liberal Republicana) e logo nas organizacións sindicais agrarias do franquismo; a súa personalidade complexa está agardando por unha biografía que nos

achegue obxectivamente a un home querido e respectado por todos, incluídos aqueles que profesaban ideas alonxadas do mesmo.

Se tiveramos que resumir cunha sola palabra este libro, sen dúbida sería "didáctico" o cualificativo que máis lle acae; ao longo das súas páxinas hai un desexo de explicar, de clarear conceptos, sobre todo para a "xente normal" non afeitada a terminoloxías específicas, sempre empregando unha linguaxe asequible. Tamén conta con numerosas referencias bibliográficas.

En suma, un libro de lectura obrigatoria para todas aquelas persoas que queiran coñecer a significación do noso mosteiro, que recomendamos vivamente e que recibimos coa ledicia de compartir, dende a nosa revista e asociación, o seu labor de divulgación sobre a nosa parroquia e contorna. Os nosos parabéns ao seu autor.

